



Concello de Castrelo de Miño

BANDO MUNICIPAL

Avelino Pazos Pérez, Alcalde do Concello de Castrelo de Miño (Ourense)

FAGO SABER que con motivo da celebración da regata internacional de remo *Coupe de la Jeunesse 2022* o libre acceso á área municipal do Parque Náutico de Castrelo será obxecto de restricións.

Durante o período comprendido **entre os días 3 e 7 de agosto de 2022 serán de uso exclusivo da entidade organizadora do evento e dos equipos participantes na regata** os seguintes espazos públicos:

- Aparcadoiro municipal.
- Espazo público comprendido entre o edificio do Complexo de Turismo Náutico de Castrelo e a torre de chegada.
- Antigo campo de fútbol de terra, piscinas municipais e cancha de baloncesto e a súa contorna.
- Zonas axardinadas.
- Pantaláns

O acceso de vehículos comerciais para a **carga e descarga de subministros** realizarase **en horario de mañá ata ás 08.30 horas en días laborables, sábado incluído**, pola rúa ubicada entre a nave e o aparcadoiro municipais quedando habilitado o dobre sentido para os días laborais comprendidos no citado período.

Permitirase o libre tránsito de persoas pola beirarrúa do edificio do Complexo de Turismo Náutico, garantindo o acceso das mesmas aos servizos do cafe-bar restaurante e do albergue.

Xúntase plano informativo coas restricións de acceso para o período comprendido entre os días 3 e 7 de agosto de 2022, ambos incluídos.

Dende o Concello de Castrelo de Miño, agradecemos a súa colaboración e pedimos desculpas polas molestias que a celebración do referido evento deportivo lles poida ocasionar.

Castrelo de Miño, 29 de xullo de 2022

O alcalde

Avelino Pazos Pérez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

